

CONCHA COSTAS.  
Presidenta de Espazo Lectura

## “A lectura é un factor socializador que nos permite ser cidadanía crítica”

**R**efuga de ser presentada como unha especialista na materia, mais Concha Costas --Presidenta de Espazo Lectura (espazolectura.gal)-- ten unha óptica privilexiada para abordarmos o “roblema” da lectura desde a base, desde abaixo, a pé de xente. Espazo Lectura é unha iniciativa social nacida en 2008 en Gondomar e que desenvolve unha inxente actividade de promoción do hábito de ler. Andaina que xa lle valeu varios premios e recoñecementos. Lonxe das coordenadas teóricas ou institucionais, Concha partilla nesta entrevista un enfoque máis amplo da lectura e achega, desde a súa experiencia, algunhas claves para argallar novas estratexias que a fomenten.

**Como valora o nivel de lectura en Galicia? En que lugar estamos en comparación cos territorios da nosa contorna e/ou coa media estatal ou europea?**

Non podo facer unha comparativa moi exhaustiva, mais o que si é certo é que dentro do Estado o nivel é inferior ao doutras zonas. Son precisas políticas de promoción da lectura moito máis contundentes. Non é só unha cuestión cinxida ao plano lúdico, que é o que se adoita salientar nas campañas de fomento da lectura. Temos que mudar ese enfoque e sermos capaces de transmitir á sociedade outra mensaxe: que a lectura é a que nos permite ser cidadanía crítica e competente para procesar a información. Limitar as campañas á idea exclusivamente de lecer, de pracer, de “ler é unha aventura”, que está moi ben, mais obvia que o potencial da lectura é outro moito maior.

**Desde Espazo Lectura salientan a importancia da lectura como factor de socialización. En que sentido? É fundamental que se socialice a través dos libros e das lecturas, que non só se socialice arredor do fútbol, por poñer un exemplo. Por iso as nosas actividades son espazos de encontro, nos que o libro é a escusa --no bo sentido-- para coñecermos persoas, para aprender a opinar, a escoitar, a respectar.**

**Os datos de consumo lector indican que a nivel social a lectura non parece algo demasiado importante... Unha parte da sociedade non é consciente da importancia da lectura a moitos niveis, precisamente porque se incidiu en asociala só ao lecer. Nós, en Espazo Lectura coa nosa traxectoria de traballo aquí en Gondomar, incidimos nesa outra vertente da lectura como base de competencias. Iso demostra que se lográsemos que a mensaxe fose outra a sociedade sería moito máis consciente da importancia da lectura e implicaríase moito máis, non delegando tanto na escola. Ter unha competencia lectora potente é indispensable para nos defender no mar de información no que nos temos que mover, non falo só de lectura de ficción senón de lectura nun sentido moito máis amplo. A sociedade non é consciente**



de que para saírmos con éxito da “maratón” de lecturas que imos ter por diante ao longo da vida temos que, dalgunha maneira, adestrar:

**Como se pode revertir esta situación? De que maneira se pode alentar que a xente tome conciencia da importancia de lermos?**

A miña percepción non é de tal desinterese. Se cadra é porque ás veces dáse unha visión catastrófica. A xente nova si que le. É certo que non le no sentido tradicional, de ficción impresa en papel, pero si le moitas cousas. Máis que como podemos revertir as tendencias, trátase de darlles as ferramentas para que esa lectura sexa o máis crítica posíbel, para que sexan capaces de procesar a información sobre todo nun momento no que a chegada de información é inmensa. O reto agora mesmo deba ser ese. Todos os tipos de lectura teñen o seu sentido. Non hai porque menosprezar uns e sobrevalorar outros. Desde a mediación debemos poñer a xente en contacto con moitos tipos de lectura e acompañala nese proceso lector e para que sintan a utilidade de ler.

**Entre a xente moza semella que o libro é un soporte en vías de abandono, porén as novas tecnoloxías fan que se consuma máis texto ca nunca. Que opinión desta encrucillada?**

Cando falamos de lectura non podemos limitarnos aos soportes. O importante é que se lea, que se lea con sentido crítico, con capacidade de procesar información no formato ou no soporte que sexa. Esa aversión cara as pantallas por parte dalgúns sectores é preocupante. Hai que vencer iso. O importante, insisto, é que se lea. O acceso á información cambiou, os formatos cambiaron e son complementarios, non hai tampouco que enfocalo

como unha contraposición entre libro en papel ou pantalla. Son ferramentas complementarias, segundo os momentos, os lugares ou a funcionalidade da lectura, poden ser máis axeitadas unhas ou outras e temos que recibilas todas co afán de tirarlle as posibilidades que ofrecen.

**Unha das actividades que promove Espazo Lectura é “contos en cueiros”. É importante introducir a lectura xa desde as primeiras semanas de vida, a xeito dunha especie de “inmersión lectora”?**

Desde logo que si. Unha das nosas preocupacións desde o principio foi deseñarmos espazos de encontro co libro, cos textos, coa lectura, sexa de forma escrita ou en forma de ladañas ou de arrollos, a través tamén da estimulación sensorial. No proceso de crecemento os libros e a lectura deben estar presentes en todo momento, para que sexan un alicerce máis no desenvolvemento das persoas. Hai anos que

elaboramos un lema para sintetizar o que pretende Espazo: Gondomar, lendo para medrar. E é iso, medrar lendo. Medrar en moitos sentidos. En idade, como persoas e como vila. Canto antes comecemos a poñer os nenos e nenas en contacto co libro, como un elemento máis de adquisición de coñecemento, de aprendizaxe e de crecemento persoal moito mellor.

**En que fallan as políticas públicas, e singularmente a educativa, no que atinxe a promoción da lectura?**

Fállan na falta de continuidade, a veces faise excesivo fincapé en actos puntuais, como celebrar o día D ou concentrar recursos e esforzos en grandes actos que teñen pouca capacidade para chegar a xente. Fállan a política de bibliotecas públicas, que deberan ser centros máis vivos e con moitos máis recurso e máis variados, para estar ao servizo desas lecturas variadas que ten a sociedade hoxe. Nun momento coma este as bibliotecas volven ser importantes porque moitas familia teñen difícil acceso á cultura. Faltan as acción de dinamización da lectura, de achegamento á lectura continuadas. Non abonda con facer un contacontos un día, temos que deseñar actividades e programación para todas as idades de maneira continuada. En Espazo Lectura así o entendemos desde o principio e por iso o 80% da nosa programación son actividades semanais ou mensuais, con continuidade, que son as que ao final crean a longo prazo un contacto máis estreito cos textos. Ademais dos espazos, que deben estar, estes teñen que ter actividade.

Por Xabier P. Igrexas.